www.printo.it/pediatric-rheumatology/ES_GL/intro

Artrite de Lyme

Versión de 2016

3. VIDA COTIÁ

3.1 Como pode afectar a enfermidade á vida cotiá do neno e da súa familia?

Debido á dor e á limitación do movemento, o neno pode experimentar limitacións nas actividades deportivas, por exemplo, pode non ser capaz de correr tan rápido como antes. Na maioría dos pacientes, a enfermidade é leve e a maior parte dos problemas son leves e transitorios.

3.2 Que ocorre coa escola?

Durante un período de tempo limitado, pode ser necesario deixar de participar nas actividades deportivas do colexio. O estudante pode ser capaz de decidir por si mesmo en que actividades lle gustaría participar.

3.3 Que ocorre cos deportes?

O neno ou o adolescente debe decidir por si mesmo respecto deste asunto. Se o neno participa nun programa regular planificado nun centro deportivo, pode ser conveniente diminuír os requisitos deste programa ou adaptar os requisitos aos desexos do paciente.

3.4 Que ocorre coa dieta?

A dieta debe ser equilibrada e conter cantidades adecuadas de proteínas, calcio e vitaminas para o crecemento do neno. Os cambios

na dieta non afectan á evolución da enfermidade.

3.5 Pode influír o clima na evolución da enfermidade?

Aínda que as carrachas necesitan un clima cálido e húmido, unha vez a infección alcanzou as articulacións, a evolución posterior da enfermidade non se ve influenciada polas variacións climáticas.

3.6 Pode vacinarse o neno?

Non existen restricións polo que respecta ás vacinas. O éxito das vacinas non se ve afectado pola enfermidade ou polo tratamento con antibióticos, e non existen efectos secundarios adicionais que deban esperarse pola presenza da enfermidade ou o tratamento. Na actualidade, non existe unha vacina fronte á borreliose de Lyme.

3.7 Que ocorre coa vida sexual, o embarazo e a anticoncepción?

Non existen restricións sobre a actividade sexual ou o embarazo como consecuencia da enfermidade.